



MENSAXE DO SÍNODO DIOCESANO ÁS FAMILIAS

A Asemblea Sinodal é consciente de que o Evanxeo que debemos proclamar no medio dos nosos contemporáneos inclúe anunciar toda a beleza que Deus creou, pois o Kerygma é *o máis belo, o máis grande, o máis atractivo e, ao mesmo tempo, o máis necesario* (AL 58). Por iso, hoxe máis que nunca, este anuncio debe incluír a boa noticia do matrimonio e a familia cristiáns. Non defendemos unha doutrina ou unha ideoloxía “tradicional” senón que estamos chamados a proclamar a beleza dunha das realidades naturais máis sobresaíntes da creación. Este ano, de maneira especial, a Igrexa determinou que sexa “O ano da familia”.

A pesar das fragilidades dos matrimonios e as familias, a Igrexa non pode renunciar a proclamar e propoñer o ideal pleno de familia e matrimonio; por iso, a vós esposos e pais que loitades por vivir a vosa vocación santa nestas terras, esta Asemblea Sinodal encoméndavos a tarefa de dar razón a outros da marabilla que supón a realidade do amor entre un home e unha muller, desa comunión de persoas que define á familia na súa forma orixinal (cf. Mc 10, 1-12), pois nesta realidade natural maniféstase a imaxe da Trindade. Pero maniféstao como invitación a un camiño previsto por Deus, un camiño de felicidade e plenitude posibles, pois no matrimonio e na familia pódese vivir -e de feito vívese- de modo especial a experiencia do amor, da acollida e a doazón incondicional ao outro.

Alentámosvos a que vivades e coidedes do propio matrimonio e da familia, sabendo que é unha realidade fermosa, xa que non se trata de defender unha convención social ou de manter unha institución tradicional. É un don que recibimos e que todos apreciamos de modo especial, e á que lle debemos o que somos. É nela onde nos atopamos coa *Igrexa doméstica* (LG11) que tanto ben fixo ao longo da historia e, de maneira especial, nesta etapa de pandemia. O matrimonio é onde se descobre a riqueza da complementariedade home-muller; a beleza da sexualidade; a aventura do coidado mutuo ao longo do tempo, con fidelidade; o valor do apoio mutuo; a riqueza da fecundidade que se abre á vida colaborando desta maneira coa creación. Todo isto é un don e un agasallo para os propios esposos, para a

sociedade e para a Igrexa. Na realidade natural do matrimonio debemos descubrir que se pode vivir con alegría a fe, pois o propio matrimonio é unha vocación e un camiño para a graza de Deus, un sacramento no que Deus se fai presente, no que Cristo mesmo sae ao encontro dos esposos e permanece con eles, dándolles forza para afrontar as súas dificultades, animándoos a levantarse nas caídas, e o que é máis importante, vivir o misterio fecundo de saberse perdoar mutuamente.

No matrimonio unido, fiel, fecundo, arraiga a familia. E vivir en familia é, sobre todo, un acontecemento chave na vida de todos nós. Por iso, a alegría do amor que se vive nas familias é tamén o xúbilo da Igrexa. A pesar dos numerosos sinais de crises do matrimonio, o desexo de familia permanece vivo, especialmente entre os mozos, e isto é un motivo de esperanza para a Igrexa. As vosas familias son unha boa noticia para toda a sociedade, porque testemuñan, no medio dun mundo mercantilista, individualista, pragmático e secularizado, que a persoa é o máis valioso, que é posible vivir o amor desinteresado, que a aventura da maternidade e a paternidade é marabillosa, que é realizable a experiencia de comunidade e que é viable a transmisión das nosas conviccións máis profundas e a transmisión da fe. A familia cristiá atopa unha especial resonancia integrándose como tal nesoutra gran familia que é a parroquia no ámbito da cal se vive e celebra a fe profesada, de maneira especial os domingos e nos demais días de festa da comunidade crente.

Xa o noso Bispo, na carta pastoral *Ourense en misión*, subliñaba a prioridade que tiña na nosa vida diocesana a familia e a pastoral familiar. Con tal motivo, entre outras accións, fundou no ano 2013 o *Instituto da Familia*, como un ámbito de reflexión, investigación e axuda aos que recibiron a vocación matrimonial, ás familias en toda a súa problemática, e aos axentes de pastoral que axudan aos que se preparan e queren vivir o matrimonio e a familia en cristián. Estamos a concluír o noso Sínodo Diocesano no que tivo un especial protagonismo a familia como realidade que hai que coidar de modo prioritario e á que queremos dedicar novos e renovados esforzos pastorais e de acompañamento. Por todo iso, os membros da Asemblea Sinodal queremos dirixirnos aos matrimonios e ás familias porque sodes prioritarios para a nosa Igrexa, e dicirvos que contamos convosco para a transmisión da fe e dos valores do Evanxeo de Xesús aos nenos e mozos. Vós sabedes, mellor que ninguén, que a familia é o camiño da Igrexa. Celebrades a vida, experimentades o que é amar e ser amados, o que é coidarse, o que significa falar do importante na existencia humana: o amor, a fe en Cristo. Necesitámosvos. E tamén vos queremos seguir acompañando nas vosas dificultades, lembrándovos que Deus Pai, Fillo e Espírito Santo, está ao voso lado na dureza do camiño. Queremos

contar convosco para que sexades protagonistas da catequese dos vosos fillos, para que sexades testemuñas diante doutras familias da beleza do matrimonio e da familia. Como Igrexa en camiño, que se sente familia dos fillos de Deus, poñemos á vosa disposición os subsidios necesarios para a vosa formación, encontros de pais, acompañamento persoal e familiar, movementos eclesiais de carácter familiar e para matrimonios, atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, coidado especial aos maiores, atención social a necesidades materiais, atención e acollida a familias inmigrantes. Esta Asemblea Sinodal quere lembraros con agarimo que, a pesar das moitas dificultades coas que vos podeades atopar no medio desta sociedade, non estades sós. Xuntos queremos camiñar ao voso lado. E unidos queremos seguir o ronsel da Familia de Nazaret para que poidamos vivir a “valentía creativa” dunha nova tarefa evanxelizadora.